

REPORTAXE

Á altura de Xinzo de Limia, en Ourense, o grupo 'Amigos da terra' vive en 'casas ecolóxicas' educando os nenos na idea de que 'outro mundo é posible'; no que a reciclaxe, a comida de temporada e o respecto ó medio natural son unha 'alternativa'

# Unha Galicia en bioconstrución

SARA D'AZ/ XIANA ICLE/ IAS  
XINZO DE LIMIA

'Amigos da terra' é parte dun grupo internacional de ONG cuxa sede central en Galicia se atopa en Ourense. A maioría voluntarios conviven nun ambiente rural e ecolóxico co fin de concienciar os nenos na viabilidade dun mundo céntrico respecto cara o medio natural.

"Os primeiros anos foron máis de posta a punto e construción dos edificios, para xa en setembro de 2004 comezar coas actividades e os campamentos". Así relata os duros comezos das Corcerizas, unha paraxe en Vilar de Barrio no concello de Xinzo de Limia en Ourense, agora modelo no resto de España polo seu bo funcionamento, a directora do centro, Analía Moares.

Pero como a propia Analía conta, o traballo máis arduo non foi o da construción dos centros, senón o traballo de concienciación que se

## Somos unha ONG e polo tanto non temos ánimo de lucro


está levando a cabo con concellos e colexios.

Para realizar todas as actividades "nutrense principalmente con cartos públicos, convenios e sobre todo a axuda do Instituto Enerxético de Galicia, porque as actividades non dan rendibilidade económica" e, tal e como sinalou a propia Analía "tampouco é este o noso obxectivo". Somos unha ONG e non podemos ter ánimo de lucro, polo que todos os beneficios que puideramos ter remívense en instalacións ou mantemento", sinala.



Nós pretendemos educar os nenos nun xeito práctico e vivencial". De feito, como puidemos comprobar, todas as instalacións das Corcerizas constitúen un complexo enerxético autónomo. Eles mesmos producen a enerxía que precisan a través dun microencoro, un aeroxerador, placas solares fotovoltaicas e unha caldeira de biomasa.

Ademais un dos seus últimos proxectos foi a creación dun complexo de purificación de augas residuais a través dun sistema de filtrado con estanques naturais e plantas macrofitas. Unha aposta innovadora en Galicia que, segundo Analía favorecería moito a independencia do agro caracterizada por unha grande dispersión.

O centro suscitou enorme interese entre moitos profesionais e tamén algúns particulares que, segundo Analía, se achegaron ata ali para comprobar que este sistema de enerxías renovable é viable



Rapaces dos campamentos á esquerda; telado dunha casa bioconstrucións arriba; estanque filtrador de augas residuais abaixo



### ACTIVIDADES

#### O 'rol' do comercio xusto

No centro das Corcerizas ademais de abastecerse con alimentos que producen os propios veciños de Xinzo, utilizan alimentos provenientes do chamado 'comercio xusto'.

Mediante un xogo de rotación concientizan os rapaces co valor das cousas.

"Uns son produtores, outros transformadores, os que venden, os que gañan... e eles mesmos alimínanse porque o final están facendo uns círculos coas tesoiras que custan 20 céntimos e o final venceno por 7 euros. O final uns son expostos, hai unha peste e sácalles os materiais... Desto xeito danse conta de que o mundo non é o que ven e a importancia que ten un consumo responsable", relata Analía.

De feito, o derradeiro día do campamento poñen a disposición dos rapaces produtos do comercio xusto provenientes de países como Indonesia ou Colombia.

e asesorarse para a súa instalación. Sobre todo pretenden concienciar a xente de que os sistemas de enerxías renovables "son rendibles a medio prazo". Pero "os galegos somos moi desconfiados, aínda que moita xente se está empezando a achegar, en especial para o tema da biomasa. Pouco a pouco danse conta de que hai outro xeito de facer as cousas". "Pese a que unha das partes menos concienciadas sexa a propia Administración". E por iso pensan continuar co proxecto 'Aposta' levado a cabo nos centros escolares, no que estes lle 'apostaban' á Administración que podían reducir as súas emisións de CO2.

#### Falta de concienciación da Administración

Ademais propuxéronlle á Delegación de Medio Ambiente de Ourense introducir nos comedores escolares un día á semana de menú ecolóxico "para que os nenos puidesen aprender a apreciar a calidade que hai nestes alimentos e que se empezase a tratar un apoio á produción rural local e unha alternativa ambientalmente sostible

da explotación: do medio". E é que, un dos temas máis importantes para esta asociación é o da alimentación, a cal ten unha clara relación coa saúde.

Pero quizais o labor máis importante que se leva a cabo dende Amigos da Terra e o da concienciación, unha concienciación que comeza coa educación dos máis pequenos. "Hai que ter en conta que os nenos son como esponxas e é importante polo menos ofrecerlle a información e formaranse os seus criterios, cos seus valores, pero saberán que hai alternativas", sinala Analía.

Alternativas que comezan dende o máis básico como é ensinar os nenos o sistema de separación de restos, tema no que Analía sinala ver unha evolución nos nenos "dende o primeiro día, cando chegan e te tes que pór fronte ós distintos contedores e explicar onde vai cada cousa" ata que marchan e "chegan incluso a concienciar os propios pais". O que subliña Analía é que se trata de facer unha "educación" continuada, que pode comezar no centro, pero debe manterse na casa.

Pero o achegamento á cultura ambiental realízase nun contorno lúdico grazas ás actividades e xog

gos que planifican durante meses os monitores de tempo libre. Estas semanas, as Corcerizas acolle un grupo de trinta nenos de entre once e catorce anos grazas á organización do Concello de Pontevedra. Que, como sinala unha das monitoras "ó principio botan a casa de menos, e preguntan che pola tele-

#### A cultura ambiental nun contorno lúdico

visión, pero ó terceiro día gozan enormemente coas veladas da noite, ou actividades como 'a caza do monitor' ou 'a noite do terror'.

As actividades axudan tamén a coñecer mellor a fauna local "nunha experiencia única e nova para os rapaces que descubren a través dos roteiros aves rapaces, corzos ou curuxas, e viven en directo 'soltas' de animais salvaxes curados en centros veciños a esta serra".

Pero se de algo é modelo educativo este centro é do respecto á natureza: "Nós o que defendemos é a diversidade e adaptar do mellor xeito posible os recursos naturais de que se dispón dun xeito sostible e controlado".